

Consello de Redacción:

ANTON COSTA RICO

MODESTO HERMIDA GARCIA

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ANTONIO GARCIA TEJERO

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

AÑO IV Nº 130

CONVERSA

Alberti, la poesía y los niños

ANTONIO GARCIA TEJERO

“La verdad es que nada existe como soltar la poesía al viento, cantarla, modularla, llenando los oídos del alma de la gente, en medio de una plaza, junto al mar, en un lugar cualquiera”. Preciosas palabras, las escritas por R. Alberti en uno de sus últimos capítulos de “La árbolada perdida”, que se viene publicando en un prestigioso periódico madrileño. Son palabras de un poeta que definen perfectamente la auténtica dimensión vital de su poesía. Y a él, una vez más, me acerqué un día, en una tertulia encantadora, para que me hablara de la poesía y de los niños.

Acabábamos, además, de conocer la noticia de que el libro “Rafael Alberti para niños” había sido considerado por la crítica venezolana, como uno de los diez mejores títulos del año en literatura juvenil.

Me hizo gracia que dijese como quien no quiere la cosa: “Yo soy muy conocido en Venezuela”. ¿Y dónde no? nos preguntamos todos sonriendo. ¡Estupendo trabajo el de María Asunción y justo reconocimiento a la labor editorial de José María Gutiérrez, callada pero de gran mérito! A Alberti lo encontré fenomenal. Magnífico de aspecto (¡Ah sus alegres y extravagantes camisas —ya albertianas— y sus largos cabellos blancos, acariciados testigos de una vida rica y excitante), comunicativo, generoso y fácil conversador.

Yo nunca quise que esta entrevista fuese la típica entrevista a un intelectual de la categoría de Alberti. Él, desde luego, tampoco. Así resultó una conversación llena de humor, de informalidad, tierna en muchos momentos y hasta de un cierto tono surrealista a veces.


Le pido en primer lugar, que me relacione los conceptos de poesía y de niño.

Se ríe, pone de cara de pillo simpático.

¿Que te sugieren ambas palabras? Ni corto, ni perezoso nos sorprende entre humorístico y ocurrente: “Una señora diría Herodes”. Más en serio responde: “Es una pregunta difícil. Es tan vago... De ambas palabras, para fijarlas, se puede decir cualquier cosa y al rato decir todo lo contrario. Yo siempre, de todas las cosas que se dicen, siempre digo ¿cómo será la contraria? Siempre pienso de la opinión sobre la poesía, si se dijese lo contrario estaría igual de bien ¿no? No se sabe. Son cosas arbitrarias que se le ocurren a uno en un determinado momento y que luego en otro momento la ocurrencia es distinta”.

Luego hace una de sus varias referencias a Juan Ramón. “A Juan R. Jiménez le preguntaron una vez que opinaba de una antología suya hecha por él mismo y respondió: “Opino que en el momento en que la hice era la que me gustaba, pero cinco días después hubiera hecho otra distinta”.

Eso es verdad. Obedece a estados especiales de gusto por las cosas: flores, mujeres poemas...”



ALBERTI

A continuación entra un poco en la relación de la poesía con los niños y dice:

“Yo no he pensado nunca en la poesía para niños. Juan R. Jiménez dijo lo mismo al referirse a su “Platero y yo” del que afirmo, que jamás había pensado que fuese para niños”.

P.—¿Y los niños?, Rafael. Dime algo sobre ellos.

R.—Mira, Antonio, los niños según como sean. No creas que siempre me gustan mucho. A veces me perturban. No es que me perturbe el niño en sí, sino que el niño plantea muchas cosas, si los tiene uno cerca. Cosas que no tienen que ver con la poesía, más bien cosas muy reales. Ahora, de por sí el niño observado es sorprendente, según las edades. Los hay muy chicos que dicen cosas extraordinarias. Y a partir de los diez años, por ejemplo, cuando ya están más hechos, aparece una etapa genial de los niños. Pueden ser grandes genios cumplir su genialidad en ese momento y luego desaparecer”.

Hace una referencia a su sobrino Rafaelito, al que cita en “La árbolada perdida”, chico extraordinario, capaz de sorprender a cualquiera, magnífico dibujante y que escribe muy bien. Después termina: “El niño, en cuanto niño que tiene sorpresa, posee un genio especial y observándolo un poco es algo rico, algo lleno de fantasía que vale la pena. Yo creo que he dicho un cúmulo de tonterías ¿no?”

P.—Recítame un poema que le guste a los niños.

Mira el techo y aparta la mano en que apoyaba su rostro.

Responde en tono jocoso.

R.—Yo creo que puede ser alguno de “Sermones y moradas” que son los que menos entienden.

Este libro de poemas es de corte onírico y de una subvención total del lenguaje.

Continúa. No se le ven ganas de recitar. Tiene interés en afirmar algo. Se me va por la tangente.

“Mira, escribir poemas para niños es verdaderamente idiota. Te tienen que aniar y hacerte niño. No sabes bien, cuánto se rien los niños de esos poemas escritos para ellos”.

P.—Anda, Rafael, dime algún poema

que hayas recitado ante los niños y que les haya gustado.

Se me vuelve a escapar.

R.—Tú sabes que esto de recitar ante los niños depende de quien lo haga. Yo, cuando recito ante ellos, tengo mucho éxito por como los digo, como los comunico. Otros, recitando mis poemas, son un desastre. Por eso te digo que hay mucha cosa personal en esto de los niños. Por ejemplo, la simpatía. Yo noto que me quieren mucho, que les caigo simpático, pero es por la forma de comunicarme con ellos. ¡Llegan a decirme cosas absurdas y maravillosas!

Mira, en la poesía, como en todo, no se puede perder lo infantil. Ya Unamuno decía que no sabía cómo podía vivir tranquilo el que no llevara a flor de alma los recuerdos de su niñez. ¿Te acuerdas del precioso poema de Federico: “Por el aire va la luna con un niño de la mano”. Eso es muy bonito.

P.—Total, que me quieres decir un poema. Tengo ganas de oírte decir uno.

Sigue en sus trece.

R.—¡Ah, no, no! Depende de como yo lo diga. Si empiezo: Dondiego no tiene don./ Don./ Don dondiego/ de nieve y de fuego./ Don, din, don/ que no tienes don... entonces tengo un éxito fulminante. Les encanta. Si lo dice otra persona, a lo mejor... En resumen, si a un niño sabes decirle las cosas, hasta las octavas de la “Fabula” de Góngora, llegarían a gustarle. Seguro.

P.—Rafael...

R.—Todo el mundo piensa que al hablar a un niño hay que aniarlo para que entienda y es el error más grande que se puede cometer.

Alguien hace una referencia a Gloria Fuertes. Alberti afirma: “Gloria es intermedia. Tiene cosas bonitas, pero quizá escriba demasiado en los niños y a veces no acierta.

Lanzado ya, prosigue. “Uno no tiene que fingir ser un niño. Los poemas del libro “Yo era un tonto y lo que he visto me ha hecho dos tontos” los he recitado en muchas escuelas, con un éxito enorme y eso que son poemas incoherentes en cierto modo”.

P.—¿Nunca escribiste un poema para un niño? Alguna vez, digo yo, no sé...

R.—No, no. (Parece no dudarlo). Hice poemas sobre algún niño, que es diferente. Para hacer poemas para niños habría que fingir y eliminar demasiadas cosas. Eso es malo. Cuando en la poesía se empieza a eliminar y a dejarla reducida a un hilo especial para que se entienda, según las edades, se corre un riesgo demasiado grande.

María Asunción Mateo, presente en la conversación, apunta que no hay niño al que no le gusten poemas como “Traje mío, traje mío!” o “Pregón submarino”.

Rafael Alberti asiente y dice: “Es que “Marinero en tierra” es muy transparente y puede gustar a todos”, como podría gustar “Platero y yo”.

P.—Pero “Platero y yo” no suele gustar a los niños.

(Aquí estamos todos de acuerdo).

R.—Eso te iba a decir yo, que quizá no sea para niños, pues la prosa de J.R. Jiménez no es fácil. Es una prosa preciosista y difícil de cantar.

P.—¿Qué hay del niño Rafael Alberti en la obra de Rafael Alberti?

Nos sorprende con algo que le viene súbitamente de dentro y lo dice con una gracia especial.

R.—Un puñetero niño. Mira, la verdad es que yo me conservo bastante bien. A veces me doy cuenta, que he salvado bastantes cosas de mi infancia, de mi ¿verdad?, muchas. Quizá demasiadas. Eso J.R. Jiménez me lo dijo alguna vez. El me llamaba “mi querido y sonriente Alberti” y solía preguntarme “Y esa sonrisa ¿qué es? ¿qué significa?” Yo, por lo general, siempre hablo con cierto humor de todo, nunca he sido un poeta solemne. Para mucha gente debo parecer, sino “un tonto y lo que he visto me ha hecho dos tontos”, algo muy cercano ¿verdad? porque me revienta la gente pedante. Yo siempre he tenido humor para cualquier cosa, incluso para las cosas serias que estoy hablando. No entiendo nada si no es así.

Rafael Alberti ha mostrado una ternura, muy fácil de descubrir estando a su lado. Su humanidad contagia. Su generosidad ya no sorprende.

P.—Aprovecho la oportunidad para que me recite su maravilloso “Autoretrato burlesco”. Ahora ya no puede resistirse y comienza.

R.—“Por las calles, ¿quién aquel?/ ¡El tonto de Rafael! Tonto llovido del cielo/ del limbo, sin un ochavo/ Mal pollito colipavo/ sin plumas, digo, sin pelo/ ¡Pío-pío! pica y al vuelo/ todos le pican a él/ ¿Quién aquel/ imperial, si tomatero/ grillo tomatero, pero/ sin tomate o mirabel/ ¿Quién aquel?/ ¡El tonto de Rafael...”

Así, de forma maravillosa va recitando este hermoso y simpático poema, que encanta —y lo digo por propia experiencia— a los pequeños.

Cuando termina, rompe el silencio creado a su alrededor diciendo: “Me comi alguna estrofa ¿verdad?”

Posiblemente así fuera, pero dio lo mismo. Estábamos encandilados.

P.—Dile algo a los niños Rafael, para terminar. Cualquier cosa. Lo que se te ocurra. Algo.

Se infantiliza, en tono ñoño, suelta un discursillo que huele a coherente incoherencia, después de todo lo que había dicho ya. Palabras envueltas en un deje humorístico que todos agradecemos.

R.—Queridos niños: Yo no soy un niño, pero quisiera hablarlos como un niño puñetero. Y como niño puñetero quiero decirlos que no se me ocurre absolutamente nada. Comprendo que si a vosotros os dijera que me hablarais a mí como niños, me diriais exactamente lo mismo que os estoy diciendo yo: A ese puñetero niño, Rafael Alberti, no tenemos nada que decirle, porque él cuando se finge niño es un tonto y lo que ha visto le ha hecho dos tontos.

Sonrisas generales. Harold Lloyd, Chaplin o Buster Keaton parecen plantear entre este discurso parodia de nuestro poeta. En nombre de los niños, gracias, R. Alberti, por ser tan maravillosamente “tonto” entre tus extraordinarios poemas. Leyéndolos, hasta el mundo puede parecer otra cosa. Gracias.

INFORME

Primeiras Xornadas da Escola Rural Galega

M. BRAGADO

Do 23 ao 25 de Maio, convocados pola Asociación NOVA ESCOLA GALEGA celebráronse en Santiago as PRIMEIRAS XORNADAS DA ESCOLA RURAL, que reuniron a preto de 100 profesores e profesionais relacionados coa educación no medio rural.

Como documentos de traballo contábase con tres ponencias: "A escola rural en Galicia" (Antón Rozas Caeiro), "Entre a vella e a posible escola rural galega" (Antón Costa Rico), e "Consideracións e aportacións a unhas supostas reformas no mapa escolar para os concellos da Mancomunidade de Ordes" (Alicia López, coordinadora). Estes traballos foron recentemente publicados no número 3 da REVISTA GALEGA DE EDUCACION.

Nas Xornadas presentáronse diversas experiencias que se están a levar adiante no rural galego: Preescolar na casa, Equipos de mestres itinerantes da provincia de Lugo, Museo Etnolóxico do Colexio Público de A Capela, Experiencias de horta escolar (Colexios Fingoi-Lugo-é San Sadurniño). Tamén se celebrou unha interesante mesa redonda, que dou inicio ás Xornadas, na que interviñeron profesores, técnicos e membros da Administración educativa.

Como froito dos traballos, realizados durante dúas xornadas e media, con sesións de mañá e tarde, elaboráronse unhas interesantes conclusións que, pola súa extensión, nos vemos na obriga de extractar.

CONCLUSIONES A SITUACION ACTUAL DA ESCOLA RURAL

1.º.-Valoramos negativamente a eliminación e desaparición indiscriminada de varios milleiros de pequenas escolas rurais ao longo dos últimos quince anos, como resultado da aplicación dunha lexislación educativa (L.X.E. de 1970), favorecedora da concentración de unidades escolares.

2.º.-Esta actuación político-administrativa ven sendo mantida sustancialmente pola actual Administración Educativa Autónoma de Galiza.

3.º.-Actualmente as escolas rurais por mor da maior atención presupostaria e financeira aos centros educativos de oito e máis unidades e polo seu esquecemento legal, enfrentan amplas carencias e deficiencias, entre as que se sinalan:

a) En cuanto a instalacións e equipamentos: frecuente inexistencia de servizos hixiénicos dignos, de adaptación de locais, problemas de iluminación e soallamento, carencia de patio cuberto, de auga clorada, de calefacción, de despacho de tutoría/administración, de campo de deportes, de mobiliario complementario (e ás veces básico).

b) A miúdo, particularmente os centros dun menor número de unidades carecen total ou parcialmente dunha dotación básica de material didáctico.

c) Rexístrase unha particular precariedade en canto á existencia de libros e outros materiais escritos e audiovisuais.

d) Salientamos con especial preocupación as carencias de material educativo



VICENTE

apropiado, como tamén as deficiencias informativo-formativas que padecen os profesores.

e) Existe unha carencia de medios institucionais de coordinación pedagóxica entre os profesores tanto dos centros incompletos entre si, como en relación aos colexios públicos.

f) Encontran-se reais problemas que dificultan o avance dunha actuación pedagóxica cultural e lingüísticamente normalizadora, que é aínda feble. Existen rupturas programáticas e metodolóxicas entre a actuación curricular nas pequenas escolas rurais e nos colexios e concentracións escolares, debendo ser solucionadas.

g) A dotación económica para gastos de funcionamento resulta insuficiente, debendo, por outra parte, mellorar-se a súa distribución.

h) Os alumnos carecen dos precisos seguros escolares.

i) Os ratios máximos de alumnos resultan frecuentemente abusivos, particularmente cando un profesor debe atender a pequenos grupos e alumnos de varias edades e en distintas situacións de aprendizaxe. Do mesmo modo, os horarios escolares haberían de ser flexibilizados.

l) Existe un amplo conxunto de deficiencias arredor da formación, perfeccionamento e facilitación da actuación profesional dos mestres.

ll) Debe revisarse seriamente a política de transportes e comedores escolares, pois a actual situación está lastrada dun alto número de deficiencias.

m) Compre garantir sempre un posto escolar digno a todos os alumnos e singularmente aos de preescolar.

ESCOLA RURAL E DESENVOLVEMENTO RURAL

4.º.-Consideramos como Escola Rural en Galiza a aquela que está inmersa nos seguintes parámetros:

a) Un sistema socio-económico predominantemente agrícola-gandeiro e nalgúns casos pesqueiro.

b) Un entorno, no que as vivencias, as actitudes, as crenzas, as pautas de comportamento, as normas de conduta..., en definitiva a cultura espiritual presenta características propias en canto ao xeito de entenda-la vida.

c) Unhas solucións históricas e comunmente aceptadas nos aspectos físico-vitais, é decir, unha cultura material específica.

Na actualidade, e independentemente das súas eivas, habería que considerar como Escolas Rurais, os centros de Preescolar, Unitarias, Mixtas, Agrupacións, Colexios e Concentracións situados no marco rural e mesmo tamén os ubicados en vilas e medios urbanos, en tanto o seu alumnado proceda maioritariamente dos núcleos rurais.

5.º.-Compre unha lexislación específica para as escolas rurais que contemple o conxunto de situacións particulares. Nesta perspectiva, a administración local debe ser dotada dunha maior capacidade competencial e presupostaria e contemplar unha ordenación comarcal do territorio, para poder responder máis eficientemente ás concretas necesidades da escola rural.

6.º.-Unha nova perspectiva da escola rural debe integrar-se nunha nova perspectiva de desenvolvemento rural, en oposición alternativa á actual depredación e non desenvolvemento endógeno.

7.º.-A escola debe contribuir eficazmente a ese desenvolvemento socio-económico.

8.º.-Os profesores que exerzan a súa profesión en contextos rurais deberán estar integrados no medio, para o que parece oportuno, en liñas xerais, establecer a residencia na comunidade onde se exerce a función docente, entendendo que pode haber distintos graos de integración.

9.º.-Compre unha real dignificación e potenciación da escola rural porque pode xogar un importante papel no desenvolvemento integral do mundo rural e na educación das súas xeracións novas.

10.º.-A Administración Educativa galega e os centros de formación de profesores deben procurar unha adecuada formación dos profesores que vaian traballar no mundo rural, facilitando os medios necesarios e unhas condicións de vida dignas.

11.-Deben revisarse os contidos e modelos de aprendizaxe seguidos hoxe nas escolas incompletas e nos colexios e concentracións, procurando-se unha integración activa entre a aprendizaxe ex-

periencial e formal, máis propia unha da cultura tradicional e outra da cultura urbana. Ten-se que ir á galeguización do ensino, cun curriculum integrado no medio e aberto e unha total normalización do idioma, superadora da actual situación diglósica.

A ZONALIZACION E A COMARCALIZACION ESCOLAR COMO ALTERNATIVA SOCIAL E EDUCATIVA

Partindo da actual situación escolar da escola rural, que podemos calificar como a dunha escola sen futuro, anclada en concepcións tradicionais e incapaz de preparar persoas que aporten a súa intelixencia criativa ás necesidades do século XXI, propoñemos unha alternativa baseada na zonalización e comarcalización cara a unha educación integral e como contrapartida a un sistema educativo fundamentado nos conceptos de despersonalización, masificación, dicotomía mestre/alumno, aillante do medio, urbanizante e con contidos desaxustados á evolución psico-biolóxica e social do neno.

12.º.-Este planteamento require un novo modelo de escola que definimos como ESCOLA INTEGRADA: escola na comunidade, comunidade na escola. Unha escola insertada no entorno próximo ao neno, tanto fisicamente como a nivel de contidos basados nas súas vivencias e experiencias, nun coñecemento xeográfico e social do seu entorno.

13.º.-Este modelo de escola integrada concíbese sobor dunha metodoloxía de traballo en base a **proxectos pedagóxicos elaborados polos equipos docentes** dentro da zona e no propio centro. Isto leva consigo unha coordinación do profesorado nun proxecto globalizador.

14.º.- Outro concepto implícito neste modelo é o **entorno como recurso**: utilización dos elementos naturais e sociais que forman parte do mundo do neno ademais doutros recursos didácticos preelaborados así como a dispoñibilidade dun horto escolar, invernadeiro ou granxa que permita un traballo de experimentación.

15.º.-Medidas inmediatas:

a) paralización dos actuais proxectos de ampliación das grandes concentracións,

b) descentralización e desmasificación dos centros saturados,

c) remodelación e ampliación dos centros e edificios aproveitábeis das actuais escolas unitarias.

d) elaboración de mapas escolares a partir de:

estudo da situación das actuais concentracións en cada zona,

estudos prospectivos en torno á poboación, aspectos socio-económicos, servizos, comunicacións, dinámica de relación social, etc.,

concreción de alternativas (proxecto de ubicación das escolas integradas e transformacións das agrupacións e escolas unitarias que se axeiten aos devanditos criterios).

En Santiago, a 25 de maio de 1986

MAXISTERICO



PEPE CARREIRO


LIBROS

Preescolar, ¿desde cuando?

MANUEL BRAGADO

"A norma máis útil non é gañar tempo: é perdelo"
J.J. Rousseau

ZAZZO. Bianka. La escuela a los 2 años: ¿sí o no? (Propuesta a padres y educadores para inventar una escuela adaptada a los niños de 2 años). Editorial Gedisa, Barcelona 1986. 199 pp.



Este libro, de reciente aparición, plantea una cuestión de grande actualidad: ¿desde cuándo inicia la escolaridad?, ¿qué interrogantes suscita a escolarización dos máis pequenos?, ¿é sempre traumática a incorporación dos nenos ao mundo da escola? Aclaremos que o título do libro obedece a que en Francia a entrada no "xardín de infancia" se produce a partir dos dous anos, ben é certo que sin carácter obrigatorio, pero si gratuito. Todos sabemos que este non é o noso caso, habendo de agardar ata os catro anos.

A autora examina a controversia, existente no seu país, que facilmente podemos extrapolar a noso, sobre a conveniencia ou non da escolarización desde idades moi tempranas, ¿ten sentido enviar a un neno á escola aos dous anos? As respostas positivas e negativas a este interrogante constitúen un dos debates máis controvertidos entre tódolos estudos da educación infantil. Mais o tema da idade, aínda que importante, non o é

todo, xa que todo ingreso na escola, aos dous, catro ou seis anos, calquera que sexa a idade, prantexa un problema de adaptación. ¿Qué lle sucede ao neno nese momento? Outro interrogante.

Para proporcionar respostas a estas cuestións, B. Zazzo, psicóloga e investigadora adscrita ao CNRS, Consello de Investigacións Científicas considera tres fontes de información: a súa **observación directa** do que acontece nos xardíns de infancia e nas garderías, tentando analizar as primeiras reaccións do neno no inicio da súa aventura escolar (para iso escolleu sete clases iniciais—de nenos de 2 a 3 anos—de París e os seus arredores, realizando dúas observacións ao longo do curso escolar, no primeiro e no terceiro trimestre, e unha gardería, para coñecer como se comportan os nenos nun marco institucional diferente); as **entrevistas cos pais**, para coñecer antecedentes de crianza, actitudes verbo da escola e comportamentos cotiáns do neno na casa; **enquisando aos profesores** do xardín de infancia, para saber das condicións de recibimento e ambientais das aulas, as súas orientacións pedagóxicas, amais de prantexarlle a súa opinión sobre ¿cál debería ser a idade óptima e mínima de entrada na escola?

Pareceunos de grande interés a técnica de observación empregada pola autora: **observación sin precodificación**, é dicir un proceso de observación centrado no suxeito (con grabación continua ou en base a papel e lápiz) de tódolos seus comportamentos manifestos durante un tempo prefixado (de tres a cinco minutos). O conxunto destas observacións foron sometidas a unha análise de contido, que deron pé a enumerar preto de cento vinte/

unidades comportamentais" (reaccións rexistradas de xeito directo e doadamente identificables), que a súa vez foron agrupadas en dúas categorías, que constituiron o eixo da súa análise: sociabilidade e afectividade. O que perseguía B. Zazzo con este dispositivo foi comparar as condutas observadas ao principio eo remate do curso, co obxecto de analizar e comprender os factores que interveñen na evolución do primeiro ano de escolaridade dos picariños.

A análise da autora exténdese a contrastar os diferentes grupos eleixidos de acordo coas características que de antemán poideran condicionar os comportamentos de adaptación ao medio escolar: idade, sexo, medio social de orixe, nivel de desenvolvemento mental, antecedentes de crianza, etc.

¿Resolve o interrogante? B. Zazzo límitase a mostrarnos de que xeito se vai operando a integración do neno nese novo microcosmos que os adultos chamamos escola; como se diferencian as reaccións duns e outros segundo diferentes variables; como se van producindo os seus progresos. As dificultades e as violencias son innegables, o desarraigo é a causa inicial deste desenvolvemento, pero tamén é certo que o neno parece ter capacidade abondo para adaptarse á escola. Sempre que a escola se adapte a él. Velaí o cerne da cuestión. A escolarización aos dous ou tres anos é un feito social incontestable (a incorporación cada vez máis xeralizada da muller ao traballo fora da casa, as demandas cada día maiores de educación...), a cuestión reside en crear unha escola para os nenos de dous ou tres anos, feita a súa medida, algo en moitos casos aínda por facer.

INFORMACION

O sistema ECCA de ensino

Unha experiencia dentro da educación de adultos.

En Galicia, desde fai xa dez anos, estase a levar a cabo unha experiencia dentro do que é a Educación Permanente de Adultos EPA con resultados amplamente satisfactorios sobre todo por los pais e nais de familias que xa seguiron eses cursos que se imparten.

O sistema ECCA funciona deste xeito:

O alumnos dispón dun material que lle facilitan semanalmente e quen ten que manexar a diario para seguir a clase que por radio recibe de luns a venres en horas compatibles co seu traballo. A clase pola radio impartenlla dous profesores que en moitos casos poden ser os mesmos que despois, unha vez a semana, se xuntarán con él para aclararlle calquer dúbida que poidera haber o longo da semana. en esas reunións que se fan semanalmente, aparte de aclarar as dúbidas, tamén se lle facilita o material para a semana seguinte, corríxesenlle os exercicios que tiveron que facer na semana, e tamén hai tempo para programar e realizar actividades de convivencia como son: a festa do magosto, a cea de carnaval, algunha representación de teatro etc.

En fin, un sistema que paso a paso, pouco a pouco vai tratando de levarlle cultura o pobo galego. Desto encárgase un equipo de mestres que a Consellería de Educación ten posto a disposición do pobo galego xa que é un centro estatal dependente da devandita Consellería e que teñen como misión levarlle a Cultura a aquelas persoas que, polas razóns que fosen, non puideron adequirila antes, ou tamén aqueles outras que, facendo xa bastante tempo que deixaron os libros, xa teñen algo esquecidas aquelas cousas que compre saber, ben para o uso personal, ben para axudarlle os fillos.

E xa se saben os cursos que se van a impartir para o curso que vai empezar, pónémolo en forma de cadro para lle resulte máis cómodo a todos aqueles que poidan estar interesados en algún deles:

CURSOS QUE SE IMPARTEN EN EL 1986-87

Cultura Base.— Hora de emisión: 19,30 a 20,30. Diariamente de luns a viernes.

Grado Esc. I.— Hora de emisión: 21,30 a 22,30. Diariamente de luns a viernes.

Grado Esc. II.— Hora de emisión: 22,30 a 23,30. Diariamente de luns a viernes.

Inglés Espec. I.— Hora de emisión: 18,30 a 19. Días alternos, L.M.V.

Inglés Espec. II.— Hora de emisión: 19 a 19,30. Días alternos L.M.V.

Inglés Espec. III.— Hora de emisión: 20,30 a 21. Días alternos M.X.S.

Contabilidad I.— Hora de emisión: 20,30 a 21. Días alternos L.M.V.

Contabilidad II.— Hora de emisión: 21 a 21,30. Días alternos L.M.V.

Todos estos cursos comencan o 6 de outubro.

Ortografía I y II.— Hora de emisión: 18 a 18,30. Días alternos L.M.V.

Este curso comenza o día 10 de novembro.

De tódolos xeitos pñemos as direccións e os teléfonos para que poidan pedir máis informacións si e que a precisan:

ECCA Pontevedra: Andrés Mellado, 2-1.º 845737. Pontevedra.

ECCA Vigo: Velázquez Moreno, 9-1.º 227315. Vigo.

Un viejo dilema: ¿Ciencias o letras?

JUAN RAMON DE LA CRUZ

Se está poniendo de relieve en los últimos años, tanto en Estados Unidos como en otros países industrializados, una disminución del interés de la juventud estudiante por las disciplinas científicas, así como una renovación en la atracción por las disciplinas humanísticas, que tanto terreno habían perdido en las últimas décadas. Una contradicción aparente, este fenómeno en plena Era Tecnológica. Un fenómeno que merece estudio.

Estadísticas efectuadas en Estados Unidos revelan que los jóvenes de 17 años alcanzan unas calificaciones en asignaturas científicas que son inferiores en casi un cinco por ciento a las obtenidas por las jóvenes de la misma edad a principios de la pasada década. Esta disminución, de momento constante, curso tras curso, pudiera estacionarse en el futuro próximo, si se mantiene el ligero aumento de interés en las ciencias detectado, al mismo tiempo, entre los jóvenes de nueve a trece años.

En Gran Bretaña, por otra parte, se observa un fenómeno similar, aunque más pronunciado y que viene de más antiguo. Ya hace años, por ejemplo, que quedan vacantes todos los años en el Reino Unido miles de becas para escuelas superiores científicas, mientras que las facultades especializadas en humanidades tienen que rechazar admisiones en número considerable al principio de todos los cursos. Así decaen los imperios.

Este fenómeno ha suscitado preocupación en diversos círculos, no sólo educacionales o puramente científicos, sino también económicos. A medida que aumenta el nivel tecnológico de la sociedad, extendiéndose cada vez más sectores de la actividad humana, son mayores las necesidades de personal calificado.

DESDE JUVENIL

Este aparente desdén de la juventud por los estudios que constituyen el único acceso—o casi— a ese nivel pudiera constituir en el inmediato futuro un serio impedimento para la modernización industrial. Ya se ha señalado la posible relación existente entre el comparativamente mayor interés por los estudios científicos de los jóvenes japoneses y el elevado nivel que dicha modernización ha alcanzado en el Japón, en escaso periodo, históricamente hablando, que va desde las ruinas humeantes de 1945 hasta el humo, de otro indole, de las chimeneas de los modernos complejos industriales del país asiático.

Los observadores no se han puesto de acuerdo aún sobre las causas del desinterés científico de los estudiantes occidentales. Hay educadores que ponen de relieve la moderna afición que la mayor parte de los estudiantes ha tenido siempre por los estudios matemáticos. En este sentido, se pone de relieve que, al tiempo que declina el interés por las ciencias matemáticas, aumenta el número de estudiantes de biología y de otras ciencias menos dependientes de las matemáticas, como la ecología, la ciencia de moda, que ya figura en los planes de muchos centros docentes.

Por su parte, los sociólogos vienen ya hace algún tiempo denunciando el surgimiento de un cambio profundo en la posición de mucha gente ante el tema de los estudios superiores, cuya necesidad, e incluso obligatoriedad, dogma de fe hasta hace poco, empieza a ponerse en tela de juicio. Por un lado, el costear una carrera, sobre todo en Estados Unidos, empieza a ser prohibitivo para un sector cada vez mayor de una población afectada por una crisis económica generalizada a la que no se le ve el fin. Por otro, cada vez

está menos claro que un título universitario, aunque sea de indole técnico, garantice el inmediato acceso a un buen puesto de trabajo. Cada año aumenta el número de titulados universitarios en paro y de los que están trabajando, muchos lo están haciendo en funciones ajenas a una especialización que tanto esfuerzo costará adquirir.

MÁS ALTERNATIVAS

Otra explicación, se ha señalado en Estados Unidos, pudiera ser que ha aumentado extraordinariamente en los últimos tiempos el número de disciplinas alternativas que se ofrecen a los estudiantes inscritos en los centros de enseñanza, no siendo ya obligatorias las ciencias matemáticas, como lo eran antes. También se afirma que el nivel de la educación científica elemental impartida en los grados inferiores ha perdido en calidad e intensidad, por lo que los estudiantes sienten menos curiosidad al ascender a la educación secundaria y superior.

Además, estos últimos años han visto transformarse el concepto mismo de la enseñanza. Está ya casi abandonado el sistema tradicional, basado en la enseñanza y aprendizaje de hechos y datos concretos, haciéndose hincapié en cambio en métodos nuevos que se basan en conceptos más amplios, en la habilidad y curiosidad investigadora del estudiante, que tiene más autonomía hoy en la elección de sus estudios de la que tenían sus padres e incluso sus hermanos mayores.

El resultado es que disminuye rápidamente el número de centros docentes en los que se imparte la enseñanza de las ciencias, al ser cada vez menor el número de estudiantes que las eligen. Además, es obvio que, al haber menos centros, disminuye el número de potencia de estudiantes. Un círculo vicioso, si los hay.

“Christine Nöstlinger”

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

¡Cuántas veces, por suposto despectivamente, dixemos esta expresión de: “Está nas nubes”!

A partir de hoxe, estou disposto a reivindicar a devandita frase. Non é tan malo “estar nas nubes” se as podemos atopar cheas de ilusión, de maxia, e mesmo de compoñentes críticos, que, de cando en cando, non fan mal a ninguén. Voume da-lo gusto de sentarme nunha ben grande, e levar alá ó máis florido da fauna, flora e outras herbas, que poboa o mundo literario infantil. Non será mala cousa achegar moi arriba a editores, autores, personaxes dos libros, premios, etc. e despois deixar caer os seus discursos paseniño, a xeito de coiva, para que mollen os xardíns ermos de todos nos. Así pois, dende este momento, desexo, polo menos, haixa unha nube, que acolla á xente disposta a entrar nos sinxelos misterios dos libros infantís.

Hai tres autores que se achegarán calquera día á nosa nube. ¡Estarán nas nubes! Significan moito na literatura infantil dos nosos días. Un deles, millor dito, unha delas, Christine Nöstlinger. Supoño que é ben coñecida, inda que penso, tamén, na superficialidade do seu coñecemento. E agora, nunha época na que os libros desta autora aparecen a reo, quixera salientar algunhas cousas interesantes da súa personalidade e máis da súa obra.

Admiro a Christine Nöstlinger por innovadora, pola claridade das súas exposicións e por unha boa dose de provocación, crebadora dos esquemas máis conservadores nos distintos eidos. Moitos pensarán se con isto é abondo. Non o sería, dende logo, se á obra desta interesante escritora austríaca lle faltase calidade. Como eu parto desta premisa para falar dalguén, dou por rematada a observación.

Gústame a Nöstlinger do “realismo crítico” no que nadan moitos dos seus li-

bros. A que non ten problemas para falar de certa volta atrás da sociedade xermánica. A que é capaz de afirmar que “os nenos bos parécenlle espantosos” e que “a educación hoxe en día atonta ós rapaces”. Amo a esa escritora, que non agacha a súas preferencias por autores ben alonxados da propia ideoloxía como Janosch, poño por caso. Christine Nöstlinger tenta en cada liña facer humorísticas reflexións sobre as características máis irreflexivas da sociedade que lle toca vivir. Os nenos disfrutan coas historias que lles conta. Empezaron coñecendo a Konrad, Piruleta, Rosalinde e, xunto a eles sentíronse protagonistas duns feitos entrañables e divertidos. Agárdanlles outros personaxes, non menos deliciosos, coma Jasper, Ewald, Gretchen ou Franz, dispostos a rachar coas concepcións inflexibles da vida.

O autoritarismo leva mal camiño con todos eles. Ela é claramente partidaria das correntes antiautoritaristas nas relacións neno-adulto. A verdadeira liberdade do home, dentro da sociedade será un dos meirandes obxectivos a conquistar.

Gañadora do Premio Andersen en 1984, expresa nos seus relatos os problemas dos nenos entre si, e a difícil relación co entorno xeral. Todo cheo dun espírito crítico sen ningún moralismo, no que o humor irónico estea sempre presente; que sexa divertido é algo fundamental na historia contada.

Xa o dixen antes. A Christine Nöstlinger encántalle provocar, ilusionar ós nenos, dar folgos ós débiles, desterrar vellos clichés, sen deixar á beira toda capacidade de sorriso permanente nos lectores. E un exemplo a seguir.

Quédame desexar, coma remate, que ó programa da televisión austríaca que dirixe, lle cheguen libros de autores españois (só recomenda a Lorca) e que a calquera das nosas televisións (nacional ou galega) cheguen programas destas características.

¡Estariamos de noraboa!

TABOEIRO

O GOBERNO CENTRAL IMPUGNA OS CONCERTOS COAS “IKASTOLAS” E COS DEMAIS CENTROS PRIVADOS DE EUSKADI

O Goberno central acordou impugnar o Decreto do Goberno Autónomo Vasco sobre concertos económicos coas “ikastolas” e demais centros privados de Euskadi.

Segundo o informe realizado pola Alta Inspección do Ministerio de Educación e Ciencia este decreto non contén referencia algunha nin as normas básicas regulamentarias establecidas polo MEC, segundo o previsto na LODE, nin sequera a esta lei. Para o MEC o Goberno vasco ao emitir este decreto incorre nunha evidente invasión nas competencias estatais, xa que as normas básicas regulamentarias dos concertos son competencia do Goberno central e son de obrigado cumprimento en todo o territorio español, aínda si bien a súa concreción, desenvolvemento e execución corresponda ás diversas comunidades autónomas.

O informe emitido pola Alta Inspección realiza unha longa serie de observacións do articulado do decreto impugnado. Sinálase o incorrecto do título do decreto, no que se establece a denominación de “concertos coas ikastolas e centros de iniciativa social”, abandonando a terminoloxía da LODE (centros privados).

Tampouco considera admisible o MEC a distinción que o decreto realiza entre as “ikastolas” e os “centros de iniciativa social” (privados), xa que aínda que o ensino nos primeiros, se imparta en euskera, “isto non xustifica un tratamento diferenciado en canto á súa financiación”.

Outra das razóns aducidas para a impugnación, reside en que para o MEC o Goberno vasco entende a concertación parcial dos centros privados como permanente e non como transitoria e excepcional, como fica estipulado na LODE. Ademais de que o executivo vasco considera como da súa competencia a fixación do módulo económico por unidade escolar, o que para o MEC constitúe competencia do Estado, sendo incluída na Lei de Presupostos Xerais de cada ano.

Outras obxeccións de distinto carácter serían: o decreto do Goberno vasco vulneraría o Regulamento de Normas Básicas no referente á constitución do claustro e do consello escolar, como á designación do director nos colexios concertados.

Unha moi importante diferenza entre o establecido neste decreto e o estipulado na LODE reside en que o Goberno vasco dá cabida, de xeito xeral, para acollérense ao réxime de concertos a tódolos centros que impartan “ensino non universitario regrado”, en tanto que a LODE limita ao nivel de ensino non universitario obrigatorio.

Outras diferenzas refírense aos prazos de duración dos concertos, que para MEC tampouco se axustan ao establecido no Regulamento; a que non se fai referencia ao pago directo ao profesorado dos centros concertados; á admisión de alumnos, para o MEC non se respétan as preferencias establecidas na LODE, primándose o ensino en euskera.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN REGULA AS FUNCIONES DE INSPECCIÓN EDUCATIVA

Polo Decreto 205/1986 de xuño (D.O.G., 10-7-86) a Consellería de Educación ven de regular as funcións da Inspección educativa na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto establece que a función inspectora compete á Comunidade Autónoma e co fin de acomodalo funcionamento ás necesidades e características de Galicia fíxose necesario delimitar as funcións a desenvolver por este servizo.

No decreto dispónse que a función inspectora será exercida por funcionarios con titulación superior, seleccionados segundo o disposto na disposición adicional décima quinta de Lei de Medidas de Reforma da Función Pública.

As funcións que se lle atribúen neste decreto á inspección educativa serán:

—Control do cumprimento da normativa legal en materia de educación por tódolos centros docentes tanto públicos como privados.

—Avaliación do rendemento educativo dos centros educativos.

—Asesoramento dos distintos sectores da comunidade educativa e, especialmente do profesorado, para unha máis eficaz realización das súas funcións.

—Coordenación dos programas e servizos que se lle encomenden.

Tamén se apunta no decreto que os inspectores de educación terán a consideración de autoridade pública no desempeño das súas funcións específicas, podendo recabar nas súas actuacións a colaboración de organismos e institucións.

M.B.


ANAQUEL

● **INVENTAR EL PERIÓDICO.** La prensa en la escuela. Francisco García Novell. Grupo Cultural Zero. Col. Proyecto Didáctico Quirón. 150 páxinas.

Pensando na necesidade de que o alumno viva na escola cara á rúa, sen darlle as costas ó seu entorno, García Novell tente neste libro amosa-lo complexo mundo do xornal e a súa función na sociedade de hoxe. Nel podemos atopar as características da confección dun diario, a linguaxe das noticias e o seu tratamento, datos comparativos dos máis importantes periódicos, tanto nacionais coma estranxeiros, relacións de termos periodísticos, etc. Todo isto, cun claro enfoque de facer dos rapaces verdadeiros lectores críticos e máis coñecedores do difícil mundo da información.

O volume, moi ben estruturado, presenta un ton sinxelo na exposición, co que acadará, sen dúbida, un rápido achegamento da xente ó abraiante terreo dos medios de comunicación social.

O autor aborda tódolos aspectos da prensa diaria, dun xeito operativo, intentando “acercar ós xovens á realidade da prensa tal como é, fuxindo de simulacións, e, ó mesmo tempo, actuar de catalizador dunha nova sensibilidade



nos xornais respecto ós seus máis novos lectores, onde se atopa o seu verdadeiro futuro”.

Libro, pois, en verdade interesante para traballa-la prensa nas nosas aulas.

● **EL ARTE EN LA ESCUELA.** Expresión Plástica. Esther Boix. Ricard Creus. Ediciones Polígrafa, S.A., 113 páxinas.


Este libro de expresión plástica consta de dúas partes, ben diferenciadas entre si.

Por unha banda, ven sendo unha guía de técnicas e teorías de traballo, na que está ben incluída a

creatividade coma acto pedagóxico. Por iso, aparecen nas páxinas do libro, os procedementos máis axeitados para conseguir resultados creativos válidos, nos distintos elementos expresivos da arte. Xeitos de traballa-la cor (ceras, gouache...), as liñas (lápicos de cores, rotuladores, grafitos), os volumes (barro, madeira, cortiza...), os espazos, técnicas de estampación e demais, son explicados dende un punto de vista, principalmente didáctico, e complementados por fotografías, relacionados cos distintos apartados do texto. Estas fotografías presentan



CUADERNO DEL TUTOR



mostras feitas por nenos, de idades comprendidas entre os 8 e os 16 anos basicamente, resultado da aplicación das técnicas reflexadas no libro en escolar da E.X.B., bacharelato e no Taller de Plástica de L'Arc de Barcelona.

Na segunda parte recóllese, coma exemplo práctico, unha experiencia sobre o “Guernica” e o “Templo da Paz”, de Picasso, desenvolada polos autores do libro e os alumnos do devandito taller catalán. Preciosas obras, baseadas nos distintos motivos do cadro do pintor malagueño, pódense apreciar nas axeitadas fotografías desta parte do volume. Modelacións

en barro, tallas en madeira, traballos en terracota, debuxos con ceras, etc., con mostras palpables, do que, con imaxinación e cuns principios claros na exposición do proceso creador, pode facerse nas aulas dos centros educativos.

● **CUADERNO DEL TUTOR.** M.A. Ortega, Marisa Sánchez, Paloma Fernández, Andrés Redondo, Pura Silgo. Editorial Popular. Col. Experiencias Pedagógicas. 61 páxinas.

Este caderno é un magnífico complemento de axuda á difícil actividade a realizar polos mestres nas tutorías. Resulta ser, tamén, un material de carácter suxeridor, mediante un método proposto polos autores, que vai permitir ós profesores unha selección das suxerencias aí atopadas, axeitandoas ás necesidades de cada quen.

Actividades cos alumnos, paíse profesores, enquisas para facer ós rapaces, para xuntanzas e entrevistas, datos das avaliacións, bibliografías de temas tan importantes coma a orientación profesional, orientación sexual e técnicas de estudio, entre outras cousas son algunhas das directrices, que os autores propoñen neste caderno, dirixido fundamentalmente ás tutorías de BUP, COU e do Ciclo Superior da EXB.

A.G.T.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

